



## **IV TORNEO LVCUS DEZ PORTAS DE TENIS DE MESA LUGO**

Cuarto torneo Lvcus, organizado polo Club Deportivo Dez Portas Tenis de Mesa Lugo. O obxectivo deste é promover o deporte en todas as categorías, facendo fincapé no tenis de mesa.

Ademais, nesta edición, o torneo inclúe unha importante novidade. Haberá dúas competicións distintas para xogadores federados e un torneo para afeccionados, para dar a oportunidade de participar a todos os que queiran. O torneo terá lugar o 17 de maio, a partir das 10:00 horas, no Polideportivo Municipal Casa do Deporte, situado na Avenida Duquesa de Lugo s/n, Lugo.

### **Sistema de xogo**

- Diferentes Categorías Federadas (en función do número de inscricións ao cerre do prazo)
- Grupos da Primeira Fase, mínimo 4 participantes por grupo.
- Segunda Fase, eliminatoria.
- Os partidos serán o mellor de 3 partidos na fase de grupos e o mellor de 5 nas eliminatorias.
- Para a realización dos grupos na categoría federada, terase en conta a clasificación galega, se algún xogador non dispón del, atenderase a liga que participa e porcentaxe.
- Seguiremos o Regulamento da RFETM para a tempada 21/22.

### **Premios**

- Trofeos para os catro primeiros clasificados do Torneo Federado.
- Medallas e agasallos para os 4 primeiros clasificados do Torneo Afeccionado.

### **Inscricións**

A inscrición é de balde e estará **aberta** ata o mércores **11 de maio ás 21:00 h**. Para a inscrición só é necesario nome, apelidos e número de licenza, no caso de xogadores federados. No caso de xogadores afeccionados, será necesario nome, apelidos, DNI e idade. Para ambas as dúas modalidades, o procedemento de inscrición será enviando un **correo electrónico** a **dezportas@hotmail.com** ou enviando un **WhatsApp** ao número de teléfono **626 34 33 60**. A relación de xogadores inscritos publicárase na páxina web do Club, Facebook e Instagram e enviarase por correo aos clubs con xogadores inscritos. Así mesmo, enviaranse individualmente aos afeccionados. Cando as inscricións sexan definitivas, os grupos do torneo publicáranse en devanditos medios.

### **Arbitraxes**

Os xogadores arbitraránse na fase de grupos e primeiras roldas do torneo (previa charla para o torneo de afeccionados), para a semifinal e a final, a organización designará os árbitros.